



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21 DE MARZO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00013954R.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria de data 14 de marzo de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1117/2019.

Denegar a legalización de vivenda.

Acórdase denegar a legalización da vivenda unifamiliar situada no Lugar Lamas de Carballal 15 Santiago de Compostela (A Coruña) xa que segundo informe técnico municipal do 03/03/2022, o proxecto básico e de execución presentado o 19/06/2029 e documentación presentada o 04/09/2019, 27/02/2020, 18/08/2020, o Refundido Proxecto básico e de execución presentado o 14/04/2021 e documentación presentada o 15/11/2021, incumpre a normativa urbanística de aplicación, polos motivos expostos nos antecedentes.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00024933J.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder ao Parlamento de Galicia licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 26/05/2021, a Remodelación de Recepción de visitas e Humanización e Mellora da Accesibilidade e Eficiencia enerxética para unha sede aberta do Parlamento de Galicia situado na Rúa Hórreo 63 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 1.111.188,28 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00001233Y.

Aceptar cesión e viario e licenza para o parcelamento.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 19/11/2021 outorgada ante Notario co número de protocolo tres mil trescentos trinta e nove. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder a Proyectos Inmobiliarios Intresa SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado 15/01/2022 o parcelamento na Rúa San Mariño, nº23A-B, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

.- PARCELA 216-A. Superficie Neta 3.124,00m²s. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva Variante 6B (O 6B 1.211,00m²s). E na parte noroeste Solo Clasificado Rústico Categoría sin Protección e Cualificado Ordenanza 15 Solo Rústico de protección ordinaria (O 15 1.913,00m²s).

.- PARCELA RESULTADO 216-B. Superficie Neta 2.651,00m²s. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva Variante 6B (O 6B 1.210,00m²s). E na parte noroeste Solo Clasificado Rústico Categoría sin Protección e Cualificado Ordenanza 15 Solo Rústico de protección ordinaria (O 15 1.441,00m²s).

CESIÓN: Cesión viales 155,00m²s.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/863/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase CONCEDER a SANTA MARTA NOVO RESIDENCIAL, SCGV, licenza de OBRA NOVA para construción de edificio de 20 vivendas, 3 unidades de residencial comunitario, 1 local comercial, 22 prazas de garaxe e 22 rochos, na RÚA TRAVESA DA POZA, 24-26, segundo Proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 20/10/2021, cun orzamento de execución material de 1.775.000,01 €.

As actuacións consistirán na construción de edificación de dous plantas soto e 7 plantas sobre rasante, cunha ocupación en planta baixa de 470,40 m², superficie construída de 4.135,08 m² (computable 2.647,96 m²), e altura de 24,43 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 4B de cuarteirón aberto do SUP-6 de Santa Marta.

6. ARQUEOLOXÍA. Referencia: 2022009316.

Aprobación do Plan director do Parque arqueolóxico Compostela Rupestre.

Apróbase o Plan Director do Parque arqueolóxico Compostela Rupestre redactado pola empresa Trivium, estratexias en cultura e turismo S.L., ao abeiro de *Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra. Proxecto Compostela Rupestre*

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00012725Z.

Recepción Execución das obras de "Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo" (POS+ 2017)".

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de "Execución das obras de "Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo" (POS+ 2017)", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00026284F.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a Execución das obras do proxecto de rehabilitación "Aplicación de medidas correctoras para o Estadio de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías (Fase III) - Separata nº 1: reparación urxente torres de iluminación".

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 090 93302 6320000, código Proxecto 2021 2 INDEP 38 1 INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVA por un importe de **140.323,99 euros** (IVE engadido).

Segundo.- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a Execución das obras do proxecto de rehabilitación "Aplicación de medidas correctoras para o Estadio de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías (Fase III) - Separata nº 1: reparación urxente torres de iluminación" a empresa SERGONSA SERVICIOS SL, por un importe total de **132.670,45 euros** (Base imponible: 109.645,00 € e IVE 21%: 23.025,45 €) e cunha ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo establecido no PCAP de 5 anos, unha porcentaxe de incremento do orzamento do control de calidade sobre o mínimo exigido no PCAP do 2%, unha porcentaxe de incremento do orzamento do programa de actuación ambientado 2% e un aporte de novo material nas estruturas metálicas. Désígnase como responsable do contrato ao Director facultativo da obra conforme o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O departamento de Deportes e o Servizo de Proxectos e Obras, este último por razón da materia, serán as unidades encargadas do seguimento ordinario do contrato.

Terceiro.- Comprometer o gasto necesario para dar cobertura a esta adxudicación que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 090 93302 6320000, código Proxecto 2021 2 INDEP 38 1 INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVA, conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: 132.670,45 euros IVE engadido.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045025A.

Acordo imposición penalidade leve a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, SA por incumprimento no contrato da Instalación de sistemas para a supervisión e control de acceso en zonas de aparcamento (lote 2 da subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuación relacionadas coa mobilidade.

Acórdase:

1.- Imporlle á empresa Kapsch Trafficom Transportation SA, adxudicataria da *Instalación de sistemas para supervisión e control de acceso guiado en zonas de aparcamento*. (Lote 2 do contrato da *subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade*) unha penalidade tipificada como leve por importe de 1.000,00 euros que se deriva dun incumprimento relativo a cuestións construtivas dos paneis subministrados.

2.- O importe da penalidade detraerase da garantía definitiva depositada para responder do cumprimento do contrato.

3.- Notificarlles este acordo a KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA e ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN SA DE SEGUROS Y REASEGUROS en tanto que avalista.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046956W.

Devolución de fianza contrato de “Obras incluídas no proxecto de Corredor Verde Bonaval-Almáciga (Fase II: Vía Verde), encadrado na área temática nº 4 Medio Ambiente Urbano e redución e tratamento de residuos, código operativo USN-41-300 do proxecto Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013” .CON/80/2013.

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, OVIGA, S.L., por importe de 5.914,05 euros para responder do contrato de “Obras incluídas no proxecto de Corredor Verde Bonaval-Almáciga (Fase II: Vía Verde), encadrado na área temática nº4 Medio Ambiente Urbano e redución e tratamento de residuos, código operativo USN-41-300 do proxecto Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013”.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00007386J.

Devolución fianza definitiva contrato: “Subministración e instalación do alumeadado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020”.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *ILUMINACIONES SANTIAGUESAS*, por importe de 10.550,00 euros para responder do contrato de “Subministración e instalación do alumeadado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020” .

12. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00057386J.

Devolución de garantía. Contrato de alleamento da participación municipal do 19,88% da parcela R-7 do SUP-2 Pol. 2.

Autorízase a devolución da garantía depositada con data 16/01/19 por Metrovacesa SA no alleamento da participación municipal do 19,88% da parcela R-7 DO SUP-2 Pol.2., consistente nun depósito en metálico por importe de 16.596,43 euros.

O acordo notificarase aos interesados, e comunicarse á Intervención e á Tesourería Municipais para a súa execución.

13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00002414D.**Actualización das tarifas do recinto feiral de Amio.**

Apróbase a revisión das tarifas do servizo do mercado de Amio consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos e recollido na seguinte táboa, supoñendo unha suba do IPC dun 5,5% con respecto á tarifa vixente aprobada o 27 de xaneiro de 2020:

CONCEPTO	TARIFAS VIXENTES (2020)		TARIFAS PROPOSTAS (2022)	
	APROBADA	EXACTA	REVISADA	EXACTA
<u>ENTRADA GANDO</u>				
VACÚN PEQUENO	1,92659	1,93	2,03255	2,03
VACÚN MEDIANO	3,30406	3,30	3,48578	3,49
VACÚN GRANDE	3,93586	3,94	4,15233	4,15
OVINO / CAPRINO	0,85220	0,85	0,89907	0,90
PORCINO	0,85220	0,85	0,89907	0,90
EQUINO	2,64206	2,64	2,78737	2,79
<u>XAULAS E AMARRES</u>				
AMARRES m/lineal	1,48294	1,48	1,56450	1,56
XAULAS RECRÍA 4 m ²	2,96587	2,97	3,12900	3,13
XAULAS ABASTO	6,33619	6,34	6,68468	6,68
XAULAS RECRÍA 3 m ²	2,23789	2,24	2,36097	2,36
<u>ESTANCIAS EN MERCADO</u>				
Vacún pequeno (L-V)	6,00000	6,00	6,33000	6,33
Vacún pequeno (S-D-Fest.)	66,00000	66,00	69,63000	69,63
Vacún mediano/grande (L-V)	13,51000	13,51	14,25305	14,25
Vacún mediano/grande (S-D-F)	73,51000	73,51	77,55305	77,55
VACÚN E EQUINO / DÍA	4,42938	4,43	4,67300	4,67
OVINO E PORCINO / DÍA	2,61100	2,61	2,75461	2,75
<u>ELIMINACIÓN CADÁVERES</u>				
VACÚN MENOR, OVINO, CAPRINO E PORCINO	13,31139	13,31	14,04352	14,04
VACÚN MEDIANO, MAIOR E EQUINO	22,32813	22,33	23,55617	23,56

<u>ENCAMADO</u>				
CAMIÓN ou REMOLQUE ≥4 T	10,78501	10,79	11,37818	11,38
CAMIÓN ou REMOLQUE <4 T	8,08875	8,09	8,53364	8,53
OUTROS VEHÍCULOS	3,63994	3,64	3,84014	3,84
<u>LAVADO</u>				
CAMIÓN 2 PISOS	16,77909	16,78	17,70194	17,70
CAM. 2 PS + REMOLQUE 1 PS	22,26779	22,27	23,49252	23,49
CAM. 2 PS + REMOLQUE 2 PS	30,13976	30,14	31,79745	31,80
CAMION ≥ 4 T	13,22586	13,23	13,95328	13,95
CAMIÓN <4 T E OUTROS	10,66205	10,66	11,24846	11,25
<u>APARCAM. E DESINFECCIÓN</u>				
TURISMO	1,83909	1,84	1,94024	1,94
CAMIÓN ≥ 4T	7,99357	8,00	8,43322	8,43
CAMIÓN < 4T E OUTROS	6,54821	6,55	6,90836	6,91
<u>OUTROS SERVIZOS</u>				
FARDO DE PALLA	5,39250	5,39	5,68909	5,69
PESAXE DE RES	0,88977	0,89	0,93870	0,94
ENTRADA C. DESINFECTADO	3,70734	3,71	3,91125	3,91

14. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2022/00003398G.

Proposta complementaria á de 24 de xaneiro de 2022, da Concelleira de Medio Ambiente relativa á solicitude de axudas para o financiamento de actuación en materia de biorresiduos de competencia municipal a tenor da Orde de 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Acórdase proceder á corrección do erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2022 polo que acorda solicitar a axuda convocada ao abeiro da Orde 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de xeito que

Onde di:

“Solicitar a axuda convocada ao abeiro da Orde 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por un importe máximo subvencionable de 65.775,60 euros”.

Debe dicir:

“ Solicitar a axuda convocada ao abeiro da Orde 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por un importe máximo subvencionable de 65.775,60 euros.

. Aceptar as condicións e os requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable.

*. Comprometerse a achegar o cofinanciamento necesario para a execución das actuacións por importe de **22.656,04 euros** (7.308,4 euros do 10% do coste total do proxecto máis 15.347,64 euros do I.V.E asociado) que se imputará a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2022 2 BIORE 47”.*

15. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00013920J.

Aprobación do Plan de Prevención de Riscos e Medidas contra a Fraude do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o Plan de Prevención de Riscos e Medidas contra a Fraude do Concello de Santiago de Compostela.

**PREGUNTAR ALCALDÍA. PEDIR CÓDIGO ETICO E PLAN DE PREVENCIÓN PARA
ADXUNTAR COA NOTICIA**

16. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00013951K.

Aprobación do Código ético e de conduta do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o Código ético e de conduta do Concello de Santiago de Compostela.

Segundo. Dar traslado deste acordo aos grupos políticos municipais para que, se o desexan, manifesten a súa adhesión ao Código ético.

17. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00013238K.

Aprobación da memoria do Programa municipal de conciliación de Semana Santa 2022.

Acórdase:

1.- Aprobar a Memoria do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2022, que terá lugar os días 11, 12, 13 e 18 de abril de 2022 nas instalacións do CEIP Quiroga Palacios, de acordo coas características recollidas no Informe.

2.- Aprobar a gratuidade do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2022, nos termos que se recollen neste informe e na memoria económica.

Destinatarios: nenos e nenas empadroados o Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria (ambos os dous inclusive) con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

A modalidade de participación dos interesados será:

Completa: os 4 días.

Nesta ocasión e pola situación da pandemia xerada pola COVID-19 non se admiten solicitudes para días soltos.

O horario será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

NÚMERO DE PRAZAS: 100 prazas, das que 12 reservaranse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela e terán carácter de acceso directo ao programa, tal e como se recolle no Informe do Departamento de Servizos Sociais de data 15 de marzo de 2022. Asemade, ofértanse 30 prazas para o servizo de comedor e 30 para o de madrugadores.

Para o desenvolvemento do programa é imprescindible:

☑ Que formalicen a correspondente matrícula un mínimo de 25 participantes diarios para as actividades de 9 a 14 horas.

☑ Para a prestación dos servizos de comedor e madrugadores é necesario un mínimo de 10 participantes diarios.

Matriculación no programa:

➤ Abrirase un prazo de inscrición e matrícula entre os días **22 e 25 de marzo de 2022 (ambos os dous inclusive).**

Orzamento Total máximo: **6.275,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria nº 080 32600 2269900.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00013954R.

Dar conta do decreto da alcaldía polo que se modifica o decreto regulador de estrutura orgánica e funcional básica da Administración municipal executiva do Concello de Santiago de Compostela.

Tómase coñecemento do decreto da alcaldía de data 17 de marzo de 2022, polo que se modifica o decreto regulador de estrutura orgánica e funcional básica da Administración municipal executiva do Concello de Santiago de Compostela, no referente á área de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.

19. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00013954R.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 11 ao 17 de marzo de 2022.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 11 ao 17 de marzo de 2022.

URXENCIAS

20. Rexeitamento de axudas correspondentes á convocatoria por parte do concello de Santiago de Compostela de subvencións á rehabilitación de vivendas de data 5 de agosto de 2019 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral de seguimento do Plan de Vivenda 2018 – 2021, en materia de actuacións na Área de Rexeneración e Renovación Urbana Polígono barrio de Vite FASE 2.

Acórdase non conceder a axuda pública solicitada por desistencia dos catro interesados, debido a que non emendaron tal coma se lles requiriu as deficiencias detectadas nas súas solicitudes de subvención.

21. Autorización da recepción da obra dos aseos públicos na avenida de Raxoi.

Acórdase:

Primeiro:- Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de expediente execución do proxecto duns novos aseos públicos na Avda. de Raxoi en Santiago de Compostela. Previamente ao acto de recepción e co fin de acreditar a idoneidade das obras para a súa recepción, o contratista e a dirección facultativa deberán achegar o certificado da finalización efectiva da obra e, en todo caso, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 11/03/2022.

Segundo:- Nomear representante da administración á técnica municipal supervisora destas obras.

Terceiro.- Ordenar que se comunique á Intervención Municipal o lugar, día e hora do acto de recepción.

22. Aprobación do expediente denominado “Autorización do uso privativo de espazos no parque da Alameda de Santiago de Compostela para colocación de postos durante as Festas da Ascensión e do Apóstolo en 2022 e 2023, e apertura do procedemento aberto de adxudicación”.

Apróbase o expediente denominado Autorización do uso privativo de espazos no parque da Alameda de Santiago de Compostela para colocación de postos durante as Festas da Ascensión e do Apóstolo en 2022 e 2023, e a apertura do procedemento aberto de adxudicación, establecéndose un tipo mínimo de licitación en forma de canon a abonar a este Concello de **235.026,00 euros.**

23. Aprobación do expediente denominado Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por LEXIONELA nas instalacións deportivas municipais, apertura do procedemento de adxudicación e aprobación do gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por LEXIONELA nas instalación deportivas municipais, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **84.461,92 euros** (69.803,24 euros + 21% IVE que ascende a 14.658,68 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 030 34200 2270000 INSTALACIONES DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 35.192,47 euros.

Anualidade 2023: 42.230,96 euros.

Anualidade 2024: 7.038,49 euros.

24. Aprobación expediente denominado “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das FESTAS APÓSTOLO 2022”, apertura do procedemento de adxudicación e aprobación do gasto correspondente.

Acórdase

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico das FESTAS APÓSTOLO 2022” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **294.630,62 euros** (243.496,38, + 21% IVE que ascende a 51.134,24 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 (Código de Proxecto: 2022 3 FOGOS 22 1 FOGOS DO APÓSTOLO 2022).